



# TRABALLO PARA E. INFANTIL



## ánimo!

#euquedonacasa

#yomequedoencasa

## 6º de Educación Infantil

### Área de Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

- Manter rutinas.
- PSICOMOTRICIDADE: crear un espazo na casa no que o/a neno/a, poida moverse libremente e lle permita realizar distintos movementos e distintas coreografías e bailes.

### Área de Coñecemento do contorno

- **MATES:**

**NÚMEROS:** repaso da serie numérica hasta o “7”.Introdución do número “8”.

**OPERACIÓNS:** series de dos elementos. Introdución á SUMA; asociamos o concepto de sumar co de xuntar. Podemos realizar sumas sinxelas utilizando cousas (iguais) que teñamos en casa, a modo de xogo: eu tiña 2 plátanos e comprei 3 na tenda; cantos teño agora?

**CONCEPTOS:** repasamos as formas xeométricas (círculo, cadrado, rectángulo e triángulo) co xogo “Parece un...”: un prato parece un círculo, un folio parece un rectángulo, un marco parece un cadrado, unha porción de pizza parece un triángulo...

### Área de Linguaxes: comunicación e representación

- Falar moito cos/coas peques, que eles/as se expresen, emocións, sentimentos, etc. Procurando unha boa pronunciación.
- **LETRAS:** repaso do “l” e o “s”. Introdución do “d” e do “t”.
- **ACHEGAMENTO Á LITERATURA:**
  - Lerlles contos.
  - Ler de contos e libros en xeral (de poesía, posibilidade de realizar unha receita lendo os ingredientes, libros de imaxes), recalcando a importancia que estes teñen para o desenvolvemento do neno/a.
- Ver curtas e contos subidos ao blog da biblioteca: [Rakonto Pequeno](#).
- Visitar o apartado de xogos educativos de [A tropa de Paulo](#).